

INFORMACIÓN SOBRE AS SOLICITUDES PARA UTILIZAR O COMEDOR ESCOLAR NO VINDEIRO CURSO 2024/2025

Todas as familias do alumnado interesado en utilizar o servizo de comedor escolar durante o vindeiro curso 2024/2025 deberán presentar na secretaría do centro un modelo de autodeclaración da renda do ano 2023. Este modelo denomínase ANEXO II MODELO DE AUTODECLARACIÓN E ESPECIFICACIÓNS (pulsar aquí para acceder a el). **Presentarase no prazo do 24.06.2024 ao 08.07.2024 (ambos incluídos) en horario de 10:00 a 13:00 horas.**

No devandito ANEXO II MODELO DE AUTODECLARACIÓN E ESPECIFICACIÓNS deberanse indicar os importes resultantes do cálculo ao lado da X, o número de membros da unidade familiar ao lado da Y e a renda neta per cápita familiar ao lado de X/Y. Ademais, deberanse cubrir tódolos datos dos membros da unidade familiar, marcar a casíña do tramo de ingresos no que se atope a familia e asinar a solicitude, tanto o declarante como o seu cónxuxe.

Nalgúns casos como poden ser o pago voluntario do prezo máximo por día (4,50 €) ou o alumnado cun grao de discapacidade declarado igual ou superior ao 33%, presentarase unha solicitude que se pode recoller na secretaría do centro xunto coa documentación, de ser o caso, que acredite a situación alegada.

Nas seguintes páxinas desta nota informativa inclúense varias aclaracións sobre como determinar correctamente a unidade familiar e a súa renda.

Cabana de Bergantiños, 19 de xuño de 2024

ACLARACIÓNS PARA DETERMINAR CORRECTAMENTE A RENDA ANUAL FAMILIAR:

Para determinar a renda anual familiar hai que sumar as rendas obtidas por tódalas persoas que integran a unidade familiar. Nesta operación poden presentarse varias situacións:

- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes, ou calquera outro integrante dela, perciben rendas e presentaron a declaración anual do IRPF do ano 2023. Neste caso, o importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, que se obterán de cada declaración, se foron presentadas individualmente, que é o habitual, ou ben da declaración conxunta.

- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes perciben rendas pero só un deles presentou a declaración anual do IRPF do ano 2023. Neste caso, a obtención do importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, para o membro da unidade que presentou a declaración do IRPF máis o importe que resulte para o outro integrante da unidade familiar que non presentou a declaración do IRPF, segundo os seus datos fiscais, que deberá, para realizar o cálculo dos seus ingresos, sumar os importes das casiñas retribucións dinerarias e intereses e restar os importes das casiñas correspondentes a cotizacións a seguridade social, retencións procedentes do traballo e retencións procedentes do capital mobiliario.

- Cando ambos cónxuxes perciban rendas pero non presentaran a declaración anual do IRPF do ano 2023 ou ben cando o cónxuxe ou os cónxuxes non perciban renda ningunha suxeita a tributación do IRPF. Nestes supostos, os interesados deberán consignar os seus datos fiscais do mesmo xeito que no especificado no apartado anterior para os membros que non presentasen a declaración do IRPF.

CONCEPTO DE UNIDADE FAMILIAR:

O concepto de unidade familiar é o definido na normativa do imposto da renda das persoas físicas (IRPF). Considerarase a unidade familiar á data 31/12/2023.

Aos efectos do IRPF, existen dúas modalidades de unidade familiar:

1.- No caso de matrimonio:

A unidade familiar está integrada polos cónxuxes non separados legalmente e, se os houber:

- a) Os fillos menores, con excepción dos que, co consentimento dos pais, vivan independentemente destes.
- b) Os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

Hai que ter en conta que a maioría de idade acádase ao cumprir 18 anos.

2.- En ausencia de matrimonio ou nos casos de separación legal:

A unidade familiar está integrada polo pai ou pola nai e a totalidade dos fillos que convivan co pai ou coa nai e reúnan os requisitos da modalidade anterior (os supostos a) ou b) do apartado 1.

3.- Nas parellas de feito só un dos seus membros (pai ou nai) poden formar unidade familiar cos fillos que reúnan os requisitos anteriormente comentados (os supostos a) ou b) do apartado 1. O mesmo criterio é aplicable nos casos de separación ou divorcio con garda e custodia compartida. Polo tanto, o proxenitor que na súa declaración da renda sinale ao alumno usuario do servizo como membro da súa unidade familiar é o que debe figurar nos rexistros de comedor como declarante ou responsable do mesmo a efectos de cálculo da renda per cápita.